

ACTA DA MESA DE COORDINACION DO PLANEAMENTO URBANISTICO CELEBRADA O DIA 20 DE XUÑO ÁS 13 HORAS NA CASA CONSISTORIAL DE CAMBRE.

Na Casa Consistorial de Cambre, no día e hora antes indicados, reúnen-se:

- Polo Concello de A Coruña: Juan Carlos Prado del Valle, Concepción Garcia e José Manuel Peña Penabad.
- Polo Concello de Arteixo: Alberto Castro.
- Polo Concello de Abegondo: Roberto Chao Gavilán.
- Polo Concello de Cambre: José Agustín Barca Cotelo.
- Polo Concello de Sada: Francisco Montouto.
- Polo Concello de Oleiros: M^a José Varela Neira e Marta Bosch Pibernat.

Non asiste ningún representante dos Concellos de Abegondo, Betanzos, Carral e Culleredo.

Asisten dous técnicos municipais relacionados coa cartografía do Concello de A Coruña.

Secretaria da Mesa: Marta Bosch Pibernat.

ASUNTOS QUE SE TRATAN:

1.- Proposta de colaboración co Instituto de Estudos do Territorio e co Instituto Geográfico Nacional, para a contratación do PNOA 10 da Área Metropolitana.

Juan Carlos Franqueira Docampo, técnico do Concello de A Coruña, fai unha exposición sobre o PNOA 10 (Plan Nacional Ortografía Aérea) que permite obter unha vista completa en alta definición do ámbito territorial proposto, actualizar a cartografía municipal e inventarios urbanos, detectar e analizar os cambios que se produciron no territorio desde os últimos voos realizados e manter actualizada a información xeográfica. Cobre as necesidades máis específicas das políticas locais: no ámbito tributario permite actualizar os catastros municipais con súa repercusión nos ingresos por IBI, permite detectar as infraccións urbanísticas que se producen no municipio, permite a xestión dos servizos (alumado, redes de saneamento e subministro de auga con inventario de infraestruturas municipais, reproduce cartografía en 3D), etc.

Vista a utilidade do PNOA 10, suscítase a posibilidade de súa contratación conxunta para os municipios do entorno metropolitano. O PNOA 10, ten unha proposta organizativa composta pola Xunta de Galicia a través do Instituto Estudos do Territorio, xunto co IGN (Instituto Geográfico Nacional), a Deputación e os Concellos. Formalízase a través de convenio coa Xunta de Galicia e a idea é intercalar un voo e Orto PNOA 10 cm en 2018 o 2019, así durante dous anos coincidirían a ortofoto de máis actualidade e maior resolución facilitando o uso. Cada Concello definiría súa zona de interese de acordo con súas necesidades e presuposto dispoñible.

Os posibles pasos administrativos a realizar poderían ser:

- Unha licitación por provincia.

Praza de Galicia, Nº 1 - Tel.: (981) 61 00 00 Fax: (981) 63 10 29 15173 Oleiros A Coruña



**CONCELLO DE
OLEIROS**

- O expediente lanzaríao a Deputación ou a Xunta.
- Cada Concello grande asume seu custo aportando unha retención de crédito.
- O custo dos municipios pequenos o poderíao asumir a Deputación ou a Xunta.
- Asinaríase convenio entre a Xunta e cada municipio interesado.
- As baixas repártense entre todos os participantes.
- O control de calidade asumiríao a Xunta ou o IGN.
- A propiedade é compartida entre os participantes e os datos abertos a disposición de calquera persoa ou entidade.

Debátese sobre as ventaxas (dispoñer dun plan cartográfico común, uniformidade de criterios para o entorno metropolitano, normativa homoxénea para facer e restituir cartografía, abaratar custos) e desvantaxas (perda de control municipal na licitación e elaboración dos traballos). Neste debate intervén José Manuel Peña Penabad, apuntando que de interesar aos Concellos se podería propoñer á Mesa de Alcaldes que formularan proposta á Xunta, manifestando os asistentes súa conformidade á seguinte.

Proposta:

- Ver as necesidades de cada municipio.
- Solicitar información (convenio tipo a subscribir, estudo de custos, etc.)
- Que a Mesa de Alcaldes formulen proposta á Xunta de Galicia.

2.- Información sobre o proceso de contratación polo Concello de A Coruña, do servizo de apoio para a redacción dun instrumento de aproximación ás determinacións de planificación integrada e gobernanza territorial da Área Urbana de A Coruña e de seu entorno metropolitano.

Por José Manuel Peña Penabad, expónse que o Concello de A Coruña sacou a licitación a contratación do servizo de apoio para a redacción dun instrumento de aproximación ás determinacións de planificación integrada e gobernanza territorial da Área Urbana de A Coruña e de seu entorno metropolitano, o que constituirá o documento básico do Plan Territorial Integral da Area Metropolitana, a fin de que unha vez constituída poida no prazo de 2 anos, exercer a iniciativa para súa formulación e presentación ante a Xunta de Galicia. Expón o contido das prescricións técnicas e informa que o relativo á gobernanza ou proxecto de regulamento orgánico e de funcionamento da futura área metropolitana, encargouse a profesores da Universidade de A Coruña (designados polos Grupos Políticos) a elaboración do mesmo.

3.- Outros asuntos que se queiran tratar.

Non se tratan outros asuntos.

Ás 14:45 dase por finalizada a reunión.

A Secretaría da Mesa

Asda: María Bosch Piñernat.